

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

O currículo de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado en galego para poder desenvolverse na meirande parte dos aspectos, circunstancias e situacións da vida. Na era das tecnoloxías da información e da profusión de medios de comunicación, todo o alumnado e todas as persoas deben estar preparadas para entender, elaborar e producir calquera tipo de mensaxe. A literatura terá tamén un valor significativo como produto de expresión artística dunha cultura de seu e de relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna, de Galicia, de España e do mundo.

Organizaremos o currículo desta área arredor das estratexias relacionadas con falar,

escoitar, ler, comprender e escribir en lingua galega, co fin de

proporcionarlle ao alumnado ferramentas que lle permitan responder os retos da

sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; con capacidade de transformar a información en coñecemento e de aprender por si mesmas, informarse, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; cultas e comprometidas co desenvolvemento sustentable, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. Promoveremos que o alumnado mobilice as súas aprendizaxes para recoñecer a diversidade e variedades lingüísticas da

contorna, de Galicia e de España, para favorecer actitudes de respecto cara á diversidade étnica e cultural, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e iniciarse na reflexión interlingüística, incluídas as linguas de signos.

Para que o alumnado adquira e consolide o código escrito promoveremos que as

aprendizaxes se produzan a partir da reflexión, comprensión ou produción de textos de uso social. Do mesmo xeito facilitaremos a participación activa do alumnado na produción comprensión, interpretación e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación de corte tecnolóxico e atendendo ao ámbito persoal, educativo e social.

Para ensinar e ler todo tipo de textos e con distintos propósitos de lectura sentaremos as bases da alfabetización mediática e informacional. No desenvolvemento de habilidades de achegamento e interpretación dos textos literarios prestaremos especial atención ao recoñecemento das mulleres escritoras.

Abordaremos as aprendizaxes descritas nos obxectivos como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz e ética.

Estruturaremos o currículo da área arredor de 6 tarefas integradas de aprendizaxe: Viaxando con Magallanes; Santiago cultural; Voan versos e bolboretas; Usuario E-Dixgal, De Afganistán a Galicia e Lemos e creamos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Viaxando con Magallanes	O alumnado confeccionará a carta de navegación sobre a Arribada de Colón a Baiona. Como actividade previa de motivación realizarán unha visita a exposición sobre a circunnavegación de Magallanes e Elcano inaugurada no Centro. Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre o tempo histórico, a Idade Moderna, S XVI, Era dos descubrimentos e acontecementos fundamentais; A nosa Galaxia; Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos (cartografía, planos¿) Elaborarán carteis sobre as especias traídas do Novo Mundo para entregar nas froiteirías e supermercados da vila. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LGL, MATE, EPV e CCNN. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das	13	28	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Viaxando con Magallanes	materias indicadas.	13	28	X		
2	Lemos e creamos I	<p>O alumnado <i>editará</i> un libro de medo que <i>viaxará</i> polas súas casas e que estará cheo de relatos curtos, rimas endemoñadas e ilustracións propias, creadas en equipos cooperativos. Unha selección destes traballos, á proposta do EDLG do centro, entregárase no Centro de Día como agasallo para os maiores da vila.</p> <p>Con motivo do 25N elaborarán un mural coas reflexións xurdidas despois da lectura da obra de Bea Gregores: As mulleres que cultivaban néboas. Escribiránlle á autora dándolle os parabéns e facéndolle unha breve entrevista.</p> <p>Realizarán lecturas de clásicos literarios e de obras que traten diferentes aspectos emocionais. Reflexionarán e tomarán decisións sobre o coñecemento adquirido. Neste trimestre comenzarán o <i>dossier</i> <i>Novas 2022-23</i>.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL e LCL. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	12	28	X		
3	Santiago cultural	<p>O alumnado deseñará e confeccionará un folleto-guía para a viaxe que se realizará a Santiago.</p> <p>Buscará, seleccionará e elaborará información sobre o Camiño de Santiago, arte e sociedade na Idade Media, o Románico e o Gótico. Intentarán localizar monumentos/arte con esas características na vila durante unha saída pola contorna. Moveranse en equipos cooperativos e irán identificando características dunha listaxe dada, utilizando a estrutura cooperativa <i>lapis ao centro</i>. Completarán o folleto con instrucións sobre seguridade viaria relacionada coa viaxe.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, EPV, LCL e LGL.</p> <p>O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	13	15		X	
4	Usuario E-Dixgal	O alumnado, en equipos cooperativos,	13	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Usuario E-Dixgal	<p>elaborará un Manual do usuario E-Dixgal que compartirá coa comunidade educativa ao publicitalo na web do colexio.</p> <p>O manual recollerá posibles solucións aos problemas que van xurdindo no día a día na aula (axuste de páxina, inserción de imaxes, etc) e tamén regras básicas de seguridade e cortesía e respecto para navegar por Internet e resolver problemas na comunicación dixital.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL e CCNN.</p> <p>O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	13	14		X	
5	Lemos e creamos II	<p>O alumnado elaborará un mural sobre o Día da Paz cos versos creados a partires da lectura do poemario de A.G.Teijeiro: Bicos e non balas. Engadirán tamén citas famosas relacionadas coa educación en e para a tolerancia, a solidariedade, concordia, respecto aos Dereitos Humanos, a non-violencia e a paz. Faránlle chegar ao autor un vídeo sobre esta tarefa.Prepararán, para o 23 de febreiro, un recitado sobre Rosalía. Cara ao 8M organizarán unha xornada sobre a muller convidando a María Canosa e a Concha Blanco. Investigarán sobre estas autoras e sobre as figuras de M^{ra}Casares e E.P.Bazán, redactarán a solicitude dun espazo para poder celebrar o evento e elaborarán as invitacións e o cartel publicitario.</p> <p>Continuarán neste trimestre co dossier ¿ Novas 2022-23.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL e LCL. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	12	14		X	
6	Voan versos e bolboretas	<p>Proxecto de Centro no que participa o alumnado dos grupos-clase do profesorado do Programa CA/AC,Cooperar para Aprender/Aprender a cooperar</p> <p>O alumnado organizará unha exposición cos produtos finais que aporte cada grupo clase realizados en equipos cooperativos empregando diferentes estruturas.</p> <p>Compartirá os resultados dun proceso de investigación sinxelo, en equipo, realizado de maneira acompañada, que implique a</p>	13	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Voan versos e bolboretas	<p>localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. Utilizará estratexias de recollida, almacenamiento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. Recoñecerá relacións xeométricas, posicións, simetrías e translacións nun contexto lúdico, artístico e científico e da vida cotiá. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL, LCL, EPV, CCNN e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	13	14			X
7	De Afganistán a Galicia	<p>O alumnado preparará unha xornada de acollida a unha persoa inmigrante durante a que se intercambiarán informacións. Analizará procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando e apreciando a diversidade lingüística, cultural e os movementos migratorios, mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LCL e LGL. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas</p>	12	14			X
8	Lemos e creamos III	<p>O alumnado elaborará o libro ¿ Tempo de versos, versos do tempo¿, sobre o tempo atmosférico que incluírá poemas, refráns e un glosario.</p> <p>Crearán os poemas en equipo, utilizando as estruturas cooperativas folio xiratorio e xogo de palabras.</p> <p>Solicitarán a colaboración das familias para a recuperación de refráns, ditos, frases feitas sobre esta temática.</p> <p>O alumnado, despois da lectura de A lavandeira de San Simón, de Eva Mejuto, preparará un tríptico informativo sobre eses feitos históricos coma complemento cultural na viaxe de fin de curso á Illa de San Simón.</p> <p>Neste trimestre finalizarán o ¿dossier ¿ Novas 2022-23, colaborando tamén coa revista escolar.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL e LCL. O grao</p>	12	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Lemos e creamos III	de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.	12	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Viaxando con Magallanes	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral e un vocabulario adecuado ao nivel.	TI	100
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Desenvolver un proceso de investigación que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Procesos: comprensión oral

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.

UD	Título da UD	Duración
2	Lemos e creamos I	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas.	TI	100
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprender o sentido de textos orais, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos identificando o sentido global e a información relevante		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elaborar textos escritos coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos que faciliten a comprensión do sentido global.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras, facendo valoracións persoais das obras literarias.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Producir textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria e creatividade, en distintos soportes.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Mellorar a comprensión de textos propios e alleos mediante o uso de dicionarios impresos ou dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Procesos: produción oral - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. - Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Santiago cultural	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Detectar prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán.	TI	100
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utilizar algunhas estratexias sinxelas para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.

UD	Título da UD	Duración
4	Usuario E-Dixgal	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	TI	100
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Utilizar as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e interesarse por ampliar unha biblioteca propia.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Adoptar hábitos de uso crítico e seguro no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Procesos: produción escrita - Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega. - Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

UD	Título da UD	Duración
5	Lemos e creamos II	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega mediante a reflexión grupal.		
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	Mobilizar estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía en lingua galega.		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analizar o contido e aspectos formais e non formais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Incorporar a lectura textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir en galego textos escritos coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet. - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Contexto - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.

Contidos

- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Voan versos e bolboretas	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Producir textos orais de maneira autónoma, coherente e fluída, utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Valorar os textos literarios en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Establecer xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira acompañada, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Establecer xeneralización sobre aspectos básicos da lingua galega, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: produción oral - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
7	De Afganistán a Galicia	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, identificando as características da contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	TI	100
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, e respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuizos.	Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas para acadar unha competencia comunicativa integrada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Procesos: interacción oral. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: produción escrita - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
8	Lemos e creamos III	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel.	TI	100
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprender distintos tipos de textos en lingua galega.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquirir gusto pola lectura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Producir textos escritos coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, aplicando as normas gramaticais e ortográficas básicas.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Compartir a experiencia de lectura participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita

Contidos

- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da or
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe competencial caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Require, polo tanto, dunha visión interdisciplinaria e da personalización da educación.

Así, para sentar as bases que lle faciliten ao alumnado a adquisición e desenvolvemento das competencias clave determinadas no perfil de saída da educación primaria -empregaremos aquelas alternativas metodolóxicas que nos permitan garantir a inclusión educativa e a atención personalizada:

Poremos, tamén, énfase en favorecer a participación e a convivencia positiva na aula, xerando un clima de confianza no que o erro se entende como fonte de aprendizaxe.

Fomentaremos o traballo colaborativo e en equipo empregando estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Potenciaremos a realización de aprendizaxes significativas que promovan o desenvolvemento da autonomía, a reflexión, a responsabilidade e a capacidade de aprender por si mesmos.

Deseñaremos propostas que integren todos os elementos do currículo. Estas tarefas e actividades ou proxectos estarán relacionados coa resolución de problemas en contextos da vida real e facilitarán a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, de xeito que lle permitan avanzar en máis de unha competencia ao mesmo tempo.

Nesta materia entendemos as aprendizaxes como un proceso en construción baseado na reflexión e na análise acompañada. As aprendizaxes (dos diferentes bloques) relacionaranse coa produción, comprensión, interpretación e interacción tanto oral como escrita, incorporando as formas de comunicación de corte tecnolóxico e atendendo ao ámbito persoal, educativo e social. Polo tanto, traballarase con propostas en contextos o reais ou o máis realistas posibles, relacionadas coas tarefas/ proxectos propostos. A través da realización destas tarefas/proxectos terán que buscar e seleccionar información fiable con distintos propósitos, comprender e producir textos, transformar a información en coñecemento, colaborar e traballar en equipo, facer un uso eficaz e ético da linguaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador do alumnado E-Dixgal
Recursos e contidos da plataforma E-Dixgal

Procuraremos que o mobiliario e a disposición da clase favorezan os seguintes aspectos:

O acceso fácil e directo aos materiais para que o alumnado poida usalos sen dificultade e así fomentar a autonomía.

A presenza de lugares para a exposición permanente da actividade da clase.

A libre expresión e participación do alumnado.(carteis, buzóns de suxestións,etc)

Sabendo que os espazos de circulación e comunicación: corredores, vestíbulos , escaleiras, etc, ademais de cumprir a función de permitir unha circulación física , facilitan a comunicación do traballo que se desenvolve no centro, dos produtos finais dos proxectos que se están desenvolvendo, etc., terémolo en conta no momento de deseñar as distintas actividades.

Ao longo do curso utilizaremos distintos espazos, materiais e recursos didácticos.

O espazo educa e facilita a aprendizaxe. Os últimos estudos en Neurociencia poñen en valor, entre outros aspectos, que o entorno físico no que se dá a aprendizaxe afecta ao noso cerebro e que unha iluminación axeitada incide positivamente no benestar físico e emocional do alumnado, as vistas externas e a luz natural favorecen a concentración nas tarefas. Así, sempre que sexa posible, realizaremos actividades en espazos exteriores.

Para a realización das tarefas interdisciplinares programadas empregaremos todos os recursos TIC que temos á nosa disposición e ademais aqueles que sexan necesarios en cada caso: biblioteca de centro e de aula, xornais, visitas, participación de persoas expertas..., materiais de refugallo e o material funxible necesario (aportado polo alumnado, polo centro ou da natureza) para a confección dos produtos finais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na avaliación inicial teremos en conta os datos aportados por

1º.- A análise da información do curso anterior composta por:

- Acta sesión avaliación final.
- Resultados académicos do grupo-clase.
- Informes individualizados.

-Datos recollidos nas reunións entre titores/docentes establecidas para o traspaso de información.

- Informacións obtidas das familias.

2º.- Os resultados das probas iniciais realizada, tendo en conta:

- os criterios de avaliación e indicadores de competencias do curso anterior.
- o emprego de instrumentos de avaliación variados.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	12	13	13	12	13	12	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da área na avaliación serán os criterios de avaliación que figuran no currículo e na programación. Polo tanto, aplicaranse os criterios de cualificación determinados en cada tarefa integrada/ proxectos aplicando as porcentaxes asignadas. A cualificación de cada un dos criterios obterase da valoración das evidencias/ información do desempeño do alumnado, recollida cos instrumentos de avaliación e cualificación establecidos para cada un deles.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación

Criterios de recuperación:

A avaliación do alumnado debe ser global, continua e formativa, e terá en conta o desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe e os obxectivos da área trabállanse en todas as avaliacións xa que se trata dun currículo competencial. Tendo isto en conta a recuperación integrarase na avaliación seguinte, aplicando os mesmos instrumentos de avaliación. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado logre unha cualificación positiva. En cada caso aplicaranse as medidas de reforzo educativo adecuadas en calquera momento do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderemos á diversidade rexéndonos polos principios de inclusión, promovendo a presenza, participación e progreso de todo o alumnado con independencia das súas características.

Programaremos as tarefas/proxectos interdisciplinares e planificaremos as situacións de aprendizaxe e a avaliación deseñando actividades e empregando os recursos que nos permitan atender aos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionar múltiples formas de Implicación, proporcionar múltiples formas de Representación e proporcionar múltiples medios de Acción e Expresión.

Sabemos que a Aprendizaxe Cooperativa, ademais dun medio para desenvolver as competencias clave, é unha condición e un instrumento para a inclusión, para o desenvolvemento da solidariedade e a cohesión social. Polo tanto estruturaremos a aula de forma cooperativa, seguindo as pautas establecidas no programa CA/AC (Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar), recollido no Plan de Convivencia do Centro. En definitiva, poremos en práctica, nas aulas, un conxunto de actuacións para que o alumnado aprenda, practicándoas, as habilidades sociais imprescindibles para traballar en equipo: escoitar con atención aos compañeiros/as, usar un ton de voz adecuado, respectar a quenda de palabra, compartir ideas, preguntar e pedir axuda con corrección, axudar aos compañeiros/as, rematar as tarefas, estar atentos, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade entre mulleres e homes		X			X			
ET.7 - A educación para a paz					X			
ET.8 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible				X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X							X
ET.10 - A educación emocional e en valores			X		X			
ET.11 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.					X			
ET.12 - A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político; a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos			X		X			
ET.13 - O rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración da violencia terrorista e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.				X				
ET.14 - A pluralidade, o respecto polo Estado de dereito		X						
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas así como os que supoñan discriminación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual.					X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Libro de medo viaxeiro. Proxecto: Lemos e creamos I	O alumnado <i>editará</i> un libro de medo que <i>viaxará</i> polas súas casas e que estará cheo de relatos curtos, rimas endemoñadas e ilustracións propias, creadas en equipos cooperativos. Unha selección destes traballos, á proposta do EDLG do centro, entregarase no Centro de Día como agasallo para os maiores da vila. Estas actividades realizaranas durante o desenvolvemento do proxecto <i>¿Lemos e creamos I?</i>

Actividade	Descrición
Mural sobre o 25N: <i>¿ Mulleres e Néboas¿</i> . Proxecto: Lemos e creamos I	Con motivo do 25N o alumnado elaborará un mural coas reflexións xurdidas despois da lectura da obra de Bea Gregores: <i>As mulleres que cultivaban néboas</i> . Escribiránlle á autora dándolle os parabéns e facéndolle unha breve entrevista. Esta actividade desenvolverase dentro do proxecto <i>¿ Lemos e creamos I¿</i>
Saída pola contorna. Carteis sobre especias traídas do Novo mundo para entregar nos supermercados e froiterías da vila. Proxecto: <i>Viaxando con Magallanes</i> .	Actividade para amosar e compartir un dos produtos finais do proxecto <i>¿ Viaxando con Magallanes¿</i> , os carteis informativos/publicitarios sobre especias traídas do Novo Mundo e que se seguen consumindo na actualidade. Cada cartel estará adicado a unha especia e amosará as propiedades e beneficios que posúe para a nosa saúde. Para a elaboración dos carteis en equipo, empregaranse distintas estruturas simples de aprendizaxe cooperativa. Para compartir con toda a comunidade educativa e que poidan ser descargados, publicaranse na páxina web do colexio.
<i>¿Aloumiños de Paz¿</i> Mural no centro sobre o Día Escolar da non Violencia e da Paz.	O alumnado elaborará un mural sobre o Día da Paz cos versos creados a partires da lectura do poemario de Antonio García Teijeiro: <i>Bicos e non balas</i> . Engadirán tamén citas famosas relacionadas coa educación en e para a tolerancia, a solidariedade, concordia, respecto aos Dereitos Humanos, a non-violencia e a paz. Faránlle chegar ao autor un vídeo sobre esta tarefa. Actividades do proxecto <i>¿ Lemos e creamos II¿</i>
Arte en Baiona. Saída pola contorna. Proxecto: Santiago cultural.	Nesta saída, o alumnado intentará localizar monumentos, representacións artísticas sobre a Idade Media, o Románico e o Gótico na súa vila. Moveranse en equipos cooperativos e irán identificando características dunha listaxe dada.
Viaxe a Santiago de Compostela. Proxecto: Santiago cultural.	Viaxe á capital de Galicia onde poderán apreciar o traballado na aula, as súas investigacións. Aproveitarán para utilizar, nos desprazamentos e visitas, o folleto-guía que elaboraron despois de buscar e seleccionar información sobre o Camiño de Santiago e a arte e sociedade na Idade Media. O folleto-guía será o produto final do proxecto <i>¿ Santiago cultural¿</i> . A esta viaxe acompañaranos tamén o alumnado de 6º nivel polo que desfrutaremos dunha xornada de convivencia con máis compañeiros/as.
8M. Xornada literaria: <i>¿ Mulleres, unha nova mirada¿</i> . Proxecto: Lemos e creamos II	O alumnado, despois ler varias obras baseadas na vida de mulleres singulares, organizará unha xornada literaria dando visibilidade a mulleres que loitaron, superando moitos atrancos, para conseguir a igualdade entre homes e mulleres. Convidarán a varias autoras coma María Canosa e Concha Blanco ao evento. No acto, o alumnado fará referencia a libros coma: <i>Feminino singular</i> , en plural; <i>María Casares</i> . <i>A impaciencia por vivir</i> ; ou <i>Emilia Pardo Bazán</i> , unha mente poderosa; entre outros. Os alumnos/as, na xornada, amosarán parte dos traballos elaborados en equipo durante o desenvolvemento do proxecto <i>¿ Leemos y creamos II¿</i> .

Actividade	Descrición
Voan versos e bolboretas. Exposición temática.	Proxecto de Centro de AC no que participa o alumnado dos grupos-clase nos que imparte docencia profesorado que implementa o Programa CA/AC ¿ Cooperar para Aprender/Aprender a cooperar O alumnado organizará, fóra do centro, unha exposición cos produtos finais que aporte cada grupo clase sobre a temática das bolboretas: poemas, maquetas, vídeos, carteis, cadros, etc A elaboración dos produtos que aportarán para a exposición realizarase en equipos cooperativos, empregando diferentes estruturas.
Viaxe fin de curso á Illa de San Simón.	O alumnado, despois da lectura do album testemuño A lavandeira de San Simón, de Eva Mejuto, preparará un tríptico informativo sobre eses feitos históricos coma complemento cultural na viaxe de fin de curso á Illa de San Simón. Escribiranlle á autora e á ilustradora, Bea Gregores, contándolles as súas impresións sobre a obra e o que nela se recolle. Estas actividades desenvolveranse dentro do proxecto ¿ Lemos e creamos III¿

Observacións:

Durante o curso poderán levarse a cabo outras actividades non incluídas nesta listaxe pero que polo seu interese, pola súa relación cos distintos proxectos de aula, consideremos idóneo incorporalas á programación , xa que este é un documento aberto e flexible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planifico as actividades e momentos do proceso de aprendizaxe tendo en conta o nivel de habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe?
Nas unidades de aprendizaxe /tarefas hai actividades variadas e con diferentes graos de desempeño na execución?
As propostas de aprendizaxe adáptanse aos diferentes coñecementos previos do alumnado?
Son claros para o alumnado os obxectivos de aprendizaxe das actividades?
As unidades/actividades/tarefas que teño plantexadas, permiten que as aprendizaxes realizadas polo alumnado se transfiran a outras situacións da vida persoal e escolar?
Tiven en conta eliminar elementos que poidan xerar exclusión á hora de realizar as actividades?
Evítanse os exercicios de copia mecánica?
Comprobo de diferentes formas que o alumnado comprende a tarefa que teñen que realizar?
A selección e temporalización das actividades é axustada?
Emprego recursos didácticos variados tanto para a presentación da información como para a práctica autónoma do alumnado?
Ensinase aos estudantes a facer presentacións dos seus traballos tanto orais e escritas como de outras formas e

tanto individuais como escritas?
Involúcrase aos estudantes no deseño do material didáctico para os compañeiros/as?
Adáptase a metodoloxía para que poidan aflorar distintos formas de aprender do alumnado?
Empréganse de forma sistemática e regular métodos de aprendizaxe cooperativa?
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a empregar, controlando sempre que o clima de traballo sexa adecuado?
Están previstas actividades para realizar de forma individual, en parella, en grupo ou con toda a clase en distintos momentos do desenvolvemento da unidade de aprendizaxe?
Teñen os estudantes oportunidades para elixir entre actividades distintas?
O ambiente de aula, a súa organización e os recursos empregados contribúen ao desenvolvemento da aprendizaxe autónoma?
Motívase ao alumnado a que se fagan responsables da súa propia aprendizaxe?
Favorécese no alumnado unha progresiva autonomía en relación a planificar o seu traballo, regular o seu desempeño mentres o realiza e avaliar a súa actuación e os resultados obtidos co fin de introducir melloras en situacións futuras?
Reviso e modifico frecuentemente as actividades propostas, a adecuación dos tempos, os agrupamentos e materiais empregados?
Empregase a avaliación de maneira formativa para que mellore a aprendizaxe dos/as estudantes?
Propoño novas actividades /tarefas que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados ou un maior grao de adquisición nos acadados?
Empréganse estratexias de avaliación diferente e variadas de forma que permita a todos os/as estudantes mostrar as súas habilidades?
En cada Unidade de Aprendizaxe están claramente establecidos os criterios de avaliación?
Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información sobre as aprendizaxes realizadas polo alumnado?
Implícase aos estudantes na avaliación da aprendizaxe cos demais?
Os criterios de avaliación e cualificación son claros e coñecidos polos alumnos e as alumnas e permiten facer un seguimento do progreso do alumnado?
Proporciono información ao alumno sobre a execución das actividades e como pode melloralas, favorecendo procesos de auto e coavaliación?
Os resultados das avaliacións utilízanse para introducir cambios nas programacións do profesorado axustándoas así ás necesidades detectadas?
Ao final de cada avaliación valorase a eficacia das accións programadas na aprendizaxe do alumnado?
Búscanse e propóñense novas formas de traballar ou outro tipo de accións para lograr a maior aprendizaxe posible na totalidade do alumnado?
Participase en actividades de docencia compartida?
O /a profesor/a modifica a súa docencia en resposta ás recomendacións recibidas dos seus colegas?

Descrición:

Avaliaremos o proceso de ensino e práctica docente cunha escala de valoración do 4 ao 1, sendo 4 o grao máximo de consecución do indicador e 1 o grao mínimo. En cada caso incorporaremos as propostas de mellora necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coincidindo coas avaliación trimestrais realizarase a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente valorando o grao de desenvolvemento dos indicadores de logro propostos no apartado anterior. Analizaremos os resultados de cada indicador e incorporaremos as propostas de axuste e mellora necesarios. A partir das melloras propostas para cada un dos indicadores de logro introduciremos as modificacións necesarias nas tarefas integradas/ proxectos deseñados para a seguinte avaliación.

Ao final do curso teranse resultados da avaliación do proceso de ensino e da práctica docente para incorporar as melloras e/ou modificacións necesarias na planificación do seguinte curso escolar.

9. Outros apartados